

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Coro e Técnica Vocal II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

O canto é desde os inicios da humanidade un dos modos de expresión artística. Cantar é connatural ao ser humano, e a voz é o instrumento con maior capacidade expresiva.

A práctica do canto e do coro permítelle ao alumnado poñer en práctica os diferentes estilos musicais a partir dunha achega emocional e comunicativa coas compañeiras e compañeiros logrando uns obxectivos colectivos, e dunha forma máis sinxela que coa práctica instrumental, xa que cantar é innato ao ser humano. A través do coro podemos experimentar diferentes manifestacións culturais, trasladar á práctica contidos musicais, destrezas e actitudes traballados en cursos anteriores e interpretar unha gran variedade de pezas de diferentes períodos históricos, culturais e estilísticos.

Cantar tanto individualmente como en grupo é unha actividade motivadora e beneficiosa para a saúde física e mental, pois favorece a postura corporal, a capacidade pulmonar, a memoria, mellora as relacións sociais, crea empatía e conciencia de grupo, ademáis de axudar a desenvolver a perseveranza, disciplina, esforzo, constancia e fortalecer a autoestima.

A materia de coro impártese en dous cursos, de modo que o desenvolvemento dos obxectivos do currículo será progresivo, e moitos dos contidos aprenderanse por primeira vez no primeiro curso, repetíndose neste segundo curso, pois as destrezas musicais conteñen unha parte importante de repetición para contribuir ao seu afianzamento.

O seu carácter é eminentemente práctico en ámbolos dous cursos desenvolvendo e mellorando a través de dita práctica a habilidade de interpretar a través da voz e do corpo, traballando un repertorio extenso e variado, co que melloraremos a escoita activa, a respiración, fonación, a resonancia vocal e os hábitos posturais e movementos que acompañan ao canto. Así esta materia pola súa natureza práctica e grupal, é idónea para combinala con outras nas que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

A materia aparece deseñada no currículo a partir de catro obxectivos, vinculados cos obxectivos da etapa e coas competencias clave previstas para bacharelato. Estes obxectivos estimulan o hábito de escoita do alumnado, afianzan o seu criterio estético, facilitan o desenvolvemento da técnica vocal, do traballo grupal, e reforzan a comunicación, a autoestima e autoconfianza. Ademáis potencian o traballo de valores colectivos, o enriquecemento da contorna cultural e a identificación de oportunidades de desenvolvemento en distintos ámbitos a través dos diferentes proxectos creados.

Os criterios de avaliación propostos no currículo e os mínimos desglosados nesta programación en cada unidade, mostran o grao de consecución dos obxectivos. Ditos criterios de avaliación así como os contidos preséntanse organizados en tres bloques, e nas distintas unidades didácticas traballaremos contidos e criterios dun, dous ou dos tres bloques. Ditos bloques son: "Análise", no que afondamos nun vocabulario específico, estratexias de escoita activa, características interpretativas dos distintos estilos e xéneros ,e recursos escénicos. "Técnica vocal", que recolle contidos relativos ao coidado da voz, postura do corpo, elementos que interveñen na produción vocal, improvisacións e vocalizacións. E por último "Práctica de conxunto", con obxectivos grupais, repertorio de coro e indicacións da dirección.

As unidades didácticas propostas son quince, divididas en cinco por trimestre que seguen sempre a mesma estrutura que no primeiro curso e son de feito, continuación das unidades levadas a cabo nese primeiro curso, por exemplo "técnica IV," "técnica V" e "técnica VI" recolle os procedementos técnicos a traballar e mellorar en cada trimestre con respecto á produción vocal, continuando así o traballo técnico levado a cabo nos tres trimestres do primeiro curso. "repertorio IV", "repertorio V" e "repertorio VI" indican as pezas e obras a aprender e analizar en cada trimestre tanto a nivel grupal, como individual, contemplando estilos e épocas que non se traballaron no primeiro curso. Preséntase tamén en cada trimestre unha unidade para aclarar contidos teóricos sobre aspectos técnicos vocais, linguaxe musical e análise traballados xa no primeiro curso pero que neste segundo curso precisan dun afondamento e novas perspectivas. Ademáis contémpanse tres unidades dedicadas á actuación en público e as normas de comportamento como asistentes a distintos eventos, que ao igual que no primeiro curso consolidan o traballo feito en cada avaliación propoñéndolle ao alumnado un horizonte claro e motivador dos obxectivos a conseguir. Por último, continuaremos con exercicios de movemento integrados no canto, percusión corporal e improvisación iniciados no curso anterior.

De novo neste curso no apartado de "Metodoloxía" expoñemos amplamente as directrices pedagóxicas e didácticas para levar a cabo esta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - escoitar e visionar de forma activa pezas vocais de distintos estilos, xéneros e culturas, analizando os trazos de estilo e as características da interpretación, para desenvolver o criterio estético, estimular o hábito de escoita activa e ampliar as posibilidades de gozo da música.	1-2	3	2		11	3		1-2-31
OBX2 - Expresarse vocal e corporalmente, de forma individual e colectiva, a través da aplicación de diferentes técnicas e a realización de actividades de improvisación, para reforzar a autoestima e a autoconfianza e desenvolver a voz e o corpo como instrumentos de comunicación.					20-31	1	2	31-32
OBX3 - Interpretar pezas de diferentes estilos e xéneros musicais, participando en distintas formacións vocais, para potenciar unha comunicación artística rica e o desenvolvemento de valores colectivos.		1			11-31			31-32
OBX4 - Participar en proxectos escénicos, realizando actuacións e asumindo tarefas propias da produción, para favorecer o crecemento artístico persoal, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional.				3-5	11-12		1	31-41

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Técnica vocal IV	Continuación dos exercicios de relaxación, respiración, articulación e resonancia da voz , vocalizacións, entonación de intervalos e acordes, empaste, etc, xa traballados no primeiro curso, con propostas novas para afianzar estes conceptos.	8	10	X		
2	Repertorio IV	Preparación de cancións a dúas e tres voces, escollendo pezas de períodos e estilos diferentes, desde música culta ata	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Repertorio IV	popular con arranxos de música actual, e do panorama cultural galego, tanto a capella como con acompañamento instrumental. Prestarase especial atención ao traballo memorístico, afinación e empaste do grupo.	10	12	X		
3	Movemento II	Continuación e perfeccionamento do traballo de técnicas de movemento, danza e coreografía aplicadas ao coro, iniciado no primeiro curso, a través de novas propostas e exercicios aplicados ao repertorio traballado no trimestre.	5	6	X		
4	Linguaxe musical, análise e teoría do canto IV	Ao igual que no primeiro curso, esta materia é principalmente práctica pero convén facer unha achega teórica e analítica aos principais aspectos tanto do canto como da linguaxe musical e análise, adquirindo así un vocabulario axeitado e sabendo explicar os conceptos musicais que se manexan a través das partituras de repertorio.	5	8	X		
5	Presentación en publico IV	Presentamos nesta programación ao igual que na de primeiro curso, tres unidades, unha por trimestre, nas que abrangueremos a importancia de presentar o traballo ensaiado ante o público, converténdonos así en intérpretes, e tamén interiorizaremos pautas de comportamento cando nós mesmos asistimos como público a eventos artísticos. Nesta primeira unidade presentaremos en público as obras traballadas no primeiro trimestre, así como as propostas de movemento e construiremos os apoios audiovisuais que acompañan dito repertorio.	5	2	X		
6	Técnica vocal V	Continuación do traballo técnico realizado no 2º trimestre do 1º curso, sobre conceptos técnicos como apoio diafragmático da columna de aire, músculos que interveñen na fonación, vocalizacións de intervalos e acordes máis complexos, manexo do diapasón como ferramenta para establacer o inicio de cada voz, precisión rítmica na dicción de textos e na articulación, precisión na afinación de conxunto, no empaste e unha maior atención na audición interna, e twang da voz mixta entre outros.	8	10		X	
7	Repertorio V	Preparación de cancións a catro voces, escollendo pezas de períodos e estilos diferentes, desde música culta ata popular con arranxos de música actual, e do panorama cultural galego, tanto a capella	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Repertorio V	como con acompañamento instrumental. Prestarase especial atención ao traballo memorístico, afinación e empaste do grupo.	10	12		X	
8	Percusión corporal aplicada ao canto II	Continuación e perfeccionamento do traballo de percusión iniciado no primeiro curso, aplicando novas propostas ao repertorio traballado no trimestre.	5	6		X	
9	Linguaxe musical, análise e teoría do canto V	Continuación do traballo teórico da unidade 4, para adquirir un vocabulario musical adecuado que permita formular opinións obxectivas, críticas e argumentadas, e comprender os conceptos musicais que conforman o repertorio escollido no trimestre.	5	8		X	
10	Presentación en público V	Continuamos o traballo do primeiro trimestre presentando ante o público o repertorio traballado nesta segunda avaliación. Seguimos traballando e consolidando conceptos como a concentración, a memoria, o medo escénico, entender os xestos da dirección así como as normas de comportamento ante o público.	5	2		X	
11	Técnica Vocal VI	Práctica e consolidación dos elementos técnicos e auditivos traballados ao longo deste curso e do anterior.	8	10			X
12	Repertorio VI	Preparación de cancións a catro ou máis voces, con fragmentos solistas, escollendo pezas de períodos e estilos diferentes, desde música culta ata popular con arranxos de música actual, e do panorama cultural galego, tanto a capella como con acompañamento instrumental. Prestarase especial atención ao traballo memorístico, afinación e empaste, así como a aplicación de técnicas de movemento, percusión corporal e improvisación traballadas en unidades anteriores.	10	12			X
13	Improvisación II	Continuación e perfeccionamento do traballo de improvisación iniciado no primeiro curso, aplicando novas propostas e ideas ao repertorio traballado neste trimestre e nos anteriores.	5	6			X
14	Linguaxe musical, análise e teoría do canto VI	Continuación e consolidación do traballo teórico das unidades 4, e 9, así como do 1º curso desta materia, para adquirir un vocabulario musical adecuado que permita formular opinións obxectivas, críticas e argumentadas, e comprender os conceptos musicais que conforman o repertorio escollido no trimestre.	5	8			X
15	Presentación en público VI	Nesta unidade resumimos o traballo levado a cabo nos dous cursos de Coro e Técnica	6	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
15	Presentación en público VI	Vocal, poñendo en escena un repertorio escollido de entre o traballado neste tempo. Preténdese crear un espectáculo artístico integral con voz, danza, percusión corporal e improvisación acompañado de propostas audiovisuais para as distintas obras que conformen o repertorio. Por outra banda, o alumnado encargárase de organizar dito espectáculo facendo unha proposta emprendedora na que terán que xestionar todo o que conleva o espectáculo: buscar o lugar onde levalo a cabo, conseguir os medios técnicos, idear a escenografía e vestuario, publicitar o evento, organizar e acomodar ao público, etc.	6	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Técnica vocal IV	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar con atención e corrección os exercicios de técnica vocal propostos na clase, mellorando as capacidades vocais e interpretativas propias.	TI	100
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Traballar con respecto cara aos demais os exercicios de interpretación propostos, reflexando a través deles os sentimentos propios, confiando na validez das ideas interpretativas propias.		
CA2.3 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas polo director ou directora.	Participar nas actividades de técnica vocal gardando silencio cando é necesario, comprendendo e seguindo as instrucións da dirección, e mantendo en todo momento unha escoita activa.		
CA2.4 - Demostrar interese no desenvolvemento técnico continuo da competencia vocal, dominio da técnica vocal traballada, así como nas técnicas de improvisación, a través das distintas propostas musicais e exercicios traballados na aula.	Demostrar dominio dos exercicios e técnica vocal traballada nesta unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Recoñecer a importancia de traballar nun marco de silencio, respectando as normas de comportamento individuais e grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou o director interpretando os exercicios vocais, improvisatorios, coreográficos ou repertorios musicais propostos.	Respectar e manter os momentos de silencio necesarios para poder levar a cabo as actividades propostas na clase. así como seguir as pautas de comportamento individuais e grupais indicadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica da relaxación e concentración. - Coidado da voz e postura do corpo. - Elementos da produción vocal: respiración, vocalización, dicción, articulación, emisión, resonancias, dinámicas, fraseo e control do son. - O silencio como marco da interpretación e da escoita musical. - Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento. - Exercicios e vocalizacións. Improvisacións. - O oído harmónico e a afinación: entoación de intervalos, acordes e cadencias con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo. - Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal.

UD	Título da UD	Duración
2	Repertorio IV	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Aplicar os conceptos técnicos e interpretativos traballados ás actuacións grupais tanto na aula como fóra desta.	Aplicar a técnica traballada na montaxe do repertorio escollido, así como seguir as indicacións interpretativas acordadas.	TI	100
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou polo director.	Participar como membro do coro na montaxe do repertorio escollido, sabendo a parte vocal individual, memorizando o repertorio acordado e recoñecendo e seguindo os xestos básicos da dirección.		
CA3.5 - Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación.	Ler e aprender as partituras do trimestre con notación convencional e non convencional, sabendo o repertorio e entendendo simboloxía musical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Recoñecer e executar con corrección os xestos básicos e indicacións da dirección, respectando as normas de comportamento grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou polo director interpretando propostas musicais en distintas formacións e agrupacións.	Seguir as indicacións da dirección e respectar as producións sonoras dos demais, así como as normas de comportamento grupais acordadas que permitan a montaxe do repertorio escollido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son de conxunto: respiración, ataque, afinación, articulación, ritmo, fraseo e dinámica. O transporte. - Equilibrio entre voces e planos sonoros: traballo de empaste e dinámicas. - A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional. - Aprendizaxe memorística. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio de coro de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo, con ou sen acompa - Técnica básica de dirección coral: comprensión dos xestos básicos da dirección coral e valoración da súa importancia para lograr que o traballo grupal funcione. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional ligadas ao ámbito musical: creación individual ou grupal dun proxecto musical no que se apliquen os coñecementos adquiridos en relación coa técnica e interpretación vocal, e a utili

UD	Título da UD	Duración
3	Movemento II	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar con respecto e atención os exercicios propostos de técnicas de movemento, aplicandoos nas pezas vocais escollidas.		
CA2.5 - Recoñecer a importancia de traballar nun marco de silencio, respectando as normas de comportamento individuais e grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou o director interpretando os exercicios vocais, improvisatorios, coreográficos ou repertorios musicais propostos.	Gardar silencio nos momentos necesarios permitindo o desenvolvemento das explicacións e actividades de movemento na clase, e respectando as normas de comportamento establecidas.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Aplicar os conceptos técnicos e interpretativos traballados ás actuacións grupais tanto na aula como fóra desta.	Aplicar os exercicios de movemento traballados ao repertorio escollido tanto na aula como nas actuacións fora desta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coidado da voz e postura do corpo. - Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento. - Premisas para o desenvolvemento da improvisación. - A percusión corporal e outros deseños coreográficos.

UD	Título da UD	Duración
4	Linguaxe musical, análise e teoría do canto IV	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar pezas vocais explicando de maneira razoada as calidades que as fan afíns a un estilo, a un xénero ou a unha cultura, así como outras características da interpretación e da posta en escena.	Analizar as pezas vocais traballadas en clase e outras similares, distinguindo as características polas que pertencen a un estilo, xénero e cultura.	PE	90
CA1.2 - Explicar a relación do texto coa música en diferentes composicións vocais, analizando o texto e a curva de tensións musicais, mellorando a comprensión deste e buscando solucións que axuden á súa mellor interpretación.	Analizar a relación entre música e texto nas obras traballadas e outras similares, relacionando o significado do texto coa interpretación musical.		
CA1.4 - Aplicar con interese de mellora os coñecementos da linguaxe musical a través da análise, a escoita activa e a interpretación de variedade de partituras.	Utilizar un vocabulario técnico adecuado referido aos conceptos de linguaxe musical e análise, descifrando os códigos musicais das partituras traballadas.		
CA1.3 - Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	Gardar silencio durante as explicacións e as audicións e amosar concentración e escoita activa, participando nos coloquios e preguntas da clase.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A relación texto-música. - O texto a través da análise fonético. Regras do sistema fonético-fonolóxico. - Vocabulario musical específico: referido a conceptos de linguaxe musical, así como a aspectos vocais e corais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos interpretativos e escénicos. Curva de tensións musicais. - Características básicas dos estilos, xéneros e culturas musicais seleccionados: recoñecemento auditivo, análise e xuízos de valor obxectivos. - Análise e escoita activa de pezas vocais de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo.

UD	Título da UD	Duración
5	Presentación en publico IV	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou polo director.	Participar como intérprete de coro nas actuacións propostas, sabendo o repertorio, aplicando as técnicas vocais e corporais traballadas e seguindo os xestos da dirección.	TI	100
CA3.3 - Mostrar na actuación unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento grupais e respectando o público e as súas opinións.	Comportarse correctamente nas actuacións e respectar ás compañeiras e compañeiros, así como ao público.		
CA3.4 - Participar con iniciativa, responsabilidade e conciencia de grupo na montaxe de proxectos escénicos, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Participar activamente na montaxe do repertorio e traballo trimestral, propoñendo ideas para construír un proxecto escénico grupal innovador con impacto social.		
CA3.6 - Recoñecer e executar con corrección os xestos básicos e indicacións da dirección, respectando as normas de comportamento grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou polo director interpretando propostas musicais en distintas formacións e agrupacións.	Seguir os xestos da dirección así como as pautas técnicas e interpretativas indicadas por esta, respectando as normas de comportamento grupais que posibiliten montar o repertorio acordado.		
CA3.7 - Conectar as interpretacións vocais con outras artes e disciplinas, deseñando proxectos artísticos innovadores e creativos que utilicen diversos medios ou soportes audiovisuais, asumindo diferentes roles na montaxe e construíndo un proxecto musical cooperativo que respecte as opinións dos membros do grupo e saiba acordalas.	Colaborar e aportar ideas no deseño dun proxecto que conecte a interpretación vocal con outras artes para conseguir unha performance global.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnica básica de dirección coral: comprensión dos xestos básicos da dirección coral e valoración da súa importancia para lograr que o traballo grupal funcione.

Contidos

- Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos.
- Funcións da produción artística: preproducción, organización de ensaios, apoio técnico e difusión, relación entre a interpretación vocal e outras artes e disciplinas.
- Representación pública de repertorio coral de diferentes épocas e estilos da música occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular.
- Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional ligadas ao ámbito musical: creación individual ou grupal dun proxecto musical no que se apliquen os coñecementos adquiridos en relación coa técnica e interpretación vocal, e a utili

UD	Título da UD	Duración
6	Técnica vocal V	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar con atención e corrección os exercicios de técnica vocal propostos na clase, mellorando as capacidades vocais e interpretativas propias.	TI	100
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Traballar con respecto cara aos demais os exercicios de interpretación propostos, reflexando a través deles os sentimentos propios, confiando na validez das ideas interpretativas propias.		
CA2.3 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas polo director ou directora.	Participar nas actividades de técnica vocal gardando silencio cando é necesario, comprendendo e seguindo as instrucións da dirección, e mantendo en todo momento unha escoita activa.		
CA2.4 - Demostrar interese no desenvolvemento técnico continuo da competencia vocal, dominio da técnica vocal traballada, así como nas técnicas de improvisación, a través das distintas propostas musicais e exercicios traballados na aula.	Demostrar dominio dos exercicios e técnica vocal traballada nesta unidade.		
CA2.5 - Recoñecer a importancia de traballar nun marco de silencio, respectando as normas de comportamento individuais e grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou o director interpretando os exercicios vocais, improvisatorios, coreográficos ou repertorios musicais propostos.	Respectar e manter os momentos de silencio necesarios para poder levar a cabo as actividades propostas na clase. así como seguir as pautas de comportamento individuais e grupais indicadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica da relaxación e concentración. - Coidado da voz e postura do corpo. - Elementos da produción vocal: respiración, vocalización, dicción, articulación, emisión, resonancias, dinámicas, fraseo e control do son. - O silencio como marco da interpretación e da escoita musical. - Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento. - Exercicios e vocalizacións. Improvisacións. - O oído harmónico e a afinación: entoación de intervalos, acordes e cadencias con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo. - Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal.

UD	Título da UD	Duración
7	Repertorio V	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Aplicar os conceptos técnicos e interpretativos traballados ás actuacións grupais tanto na aula como fóra desta.	Aplicar a técnica traballada na montaxe do repertorio escollido, así como seguir as indicacións interpretativas acordadas.	TI	100
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou polo director.	Participar como membro do coro na montaxe do repertorio escollido, sabendo a parte vocal individual, memorizando o repertorio acordado e recoñecendo e seguindo os xestos básicos da dirección.		
CA3.5 - Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación.	Ler e aprender as partituras do trimestre con notación convencional e non convencional, sabendo o repertorio e entendendo a simboloxía musical.		
CA3.6 - Recoñecer e executar con corrección os xestos básicos e indicacións da dirección, respectando as normas de comportamento grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou polo director interpretando propostas musicais en distintas formacións e agrupacións.	Seguir as indicacións da dirección e respectar as producións sonoras dos demais, así como as normas de comportamento grupais acordadas que permitan a montaxe do repertorio escollido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son de conxunto: respiración, ataque, afinación, articulación, ritmo, fraseo e dinámica. O transporte. - Equilibrio entre voces e planos sonoros: traballo de empaste e dinámicas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional. - Aprendizaxe memorística. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio de coro de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo, con ou sen acompa - Técnica básica de dirección coral: comprensión dos xestos básicos da dirección coral e valoración da súa importancia para lograr que o traballo grupal funcione. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional ligadas ao ámbito musical: creación individual ou grupal dun proxecto musical no que se apliquen os coñecementos adquiridos en relación coa técnica e interpretación vocal, e a utili

UD	Título da UD	Duración
8	Percusión corporal aplicada ao canto II	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar con respecto e atención os exercicios propostos de percusión corporal, aplicandoos as pezas vocais escollidas.	TI	100
CA2.5 - Recoñecer a importancia de traballar nun marco de silencio, respectando as normas de comportamento individuais e grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou o director interpretando os exercicios vocais, improvisatorios, coreográficos ou repertorios musicais propostos.	Gardar silencio nos momentos necesarios permitindo o desenvolvemento das explicacións e actividades de percusión corporal na clase, e respectando as normas de comportamento establecidas.		
CA3.1 - Aplicar os conceptos técnicos e interpretativos traballados ás actuacións grupais tanto na aula como fóra desta.	Aplicar os exercicios de percusión corporal traballados ao repertorio escollido tanto na aula como nas actuacións fora desta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coidado da voz e postura do corpo. - Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento. - A percusión corporal e outros deseños coreográficos.

UD	Título da UD	Duración
9	Linguaxe musical, análise e teoría do canto V	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar pezas vocais explicando de maneira razoada as calidades que as fan afíns a un estilo, a un xénero ou a unha cultura, así como outras características da interpretación e da posta en escena.	Analizar as pezas vocais traballadas en clase e outras similares, distinguindo as características polas que pertencen a un estilo, xénero e cultura.	PE	90
CA1.2 - Explicar a relación do texto coa música en diferentes composicións vocais, analizando o texto e a curva de tensións musicais, mellorando a comprensión deste e buscando solucións que axuden á súa mellor interpretación.	Analizar a relación entre música e texto nas obras traballadas e outras similares, relacionando o significado do texto coa interpretación musical.		
CA1.4 - Aplicar con interese de mellora os coñecementos da linguaxe musical a través da análise, a escoita activa e a interpretación de variedade de partituras.	Utilizar un vocabulario técnico adecuado referido aos conceptos de linguaxe musical e análise, descifrando os códigos musicais das partituras traballadas.		
CA1.3 - Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	Gardar silencio durante as explicacións e as audicións e amosar concentración e escoita activa, participando nos coloquios e preguntas da clase.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A relación texto-música. - O texto a través da análise fonético. Regras do sistema fonético-fonolóxico. - Vocabulario musical específico: referido a conceptos de linguaxe musical, así como a aspectos vocais e corais. - Recursos interpretativos e escénicos. Curva de tensións musicais. - Características básicas dos estilos, xéneros e culturas musicais seleccionados: recoñecemento auditivo, análise e xuízos de valor obxectivos. - Análise e escoita activa de pezas vocais de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo.

UD	Título da UD	Duración
10	Presentación en público V	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou polo director.	Participar como intérprete de coro nas actuacións propostas, sabendo o repertorio, aplicando as técnicas vocais e corporais traballadas e seguindo os xestos da dirección.	TI	100
CA3.3 - Mostrar na actuación unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento grupais e respectando o público e as súas opinións.	Comportarse correctamente nas actuacións e respectar ás compañeiras e compañeiros, así como ao público.		
CA3.4 - Participar con iniciativa, responsabilidade e conciencia de grupo na montaxe de proxectos escénicos, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Participar activamente na montaxe do repertorio e traballo trimestral, propoñendo ideas para construír un proxecto escénico grupal innovador con impacto social.		
CA3.6 - Recoñecer e executar con corrección os xestos básicos e indicacións da dirección, respectando as normas de comportamento grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou polo director interpretando propostas musicais en distintas formacións e agrupacións.	Seguir os xestos da dirección así como as pautas técnicas e interpretativas indicadas por esta, respectando as normas de comportamento grupais que posibiliten montar o repertorio acordado.		
CA3.7 - Conectar as interpretacións vocais con outras artes e disciplinas, deseñando proxectos artísticos innovadores e creativos que utilicen diversos medios ou soportes audiovisuais, asumindo diferentes roles na montaxe e construíndo un proxecto musical cooperativo que respecte as opinións dos membros do grupo e saiba acordalas.	Colaborar e aportar ideas no deseño dun proxecto que conecte a interpretación vocal con outras artes para conseguir unha performance global.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnica básica de dirección coral: comprensión dos xestos básicos da dirección coral e valoración da súa importancia para lograr que o traballo grupal funcione. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Funcións da produción artística: preproducción, organización de ensaios, apoio técnico e difusión, relación entre a interpretación vocal e outras artes e disciplinas. - Representación pública de repertorio coral de diferentes épocas e estilos da música occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular. - Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional ligadas ao ámbito musical: creación individual ou grupal dun proxecto musical no que se apliquen os coñecementos adquiridos en relación coa técnica e interpretación vocal, e a utili

UD	Título da UD	Duración
11	Técnica Vocal VI	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar con atención e corrección os exercicios de técnica vocal propostos na clase, mellorando as capacidades vocais e interpretativas propias.	TI	100
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Traballar con respecto cara aos demais os exercicios de interpretación propostos, reflexando a través deles os sentimentos propios, confiando na validez das ideas interpretativas propias.		
CA2.3 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas polo director ou directora.	Participar nas actividades de técnica vocal gardando silencio cando é necesario, comprendendo e seguindo as instrucións da dirección, e mantendo en todo momento unha escoita activa.		
CA2.4 - Demostrar interese no desenvolvemento técnico continuo da competencia vocal, dominio da técnica vocal traballada, así como nas técnicas de improvisación, a través das distintas propostas musicais e exercicios traballados na aula.	Demostrar dominio dos exercicios e técnica vocal traballada nesta unidade.		
CA2.5 - Recoñecer a importancia de traballar nun marco de silencio, respectando as normas de comportamento individuais e grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou o director interpretando os exercicios vocais, improvisatorios, coreográficos ou repertorios musicais propostos.	Respectar e manter os momentos de silencio necesarios para poder levar a cabo as actividades propostas na clase. así como seguir as pautas de comportamento individuais e grupais indicadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica da relaxación e concentración. - Coidado da voz e postura do corpo. - Elementos da produción vocal: respiración, vocalización, dicción, articulación, emisión, resonancias, dinámicas, fraseo e control do son. - O silencio como marco da interpretación e da escoita musical. - Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento. - Exercicios e vocalizacións. Improvisacións. - O oído harmónico e a afinación: entoación de intervalos, acordes e cadencias con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo.

Contidos
- Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal.

UD	Título da UD	Duración
12	Repertorio VI	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Aplicar os conceptos técnicos e interpretativos traballados ás actuacións grupais tanto na aula como fóra desta.	Aplicar a técnica traballada na montaxe do repertorio escollido, así como seguir as indicacións interpretativas acordadas.	TI	100
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou polo director.	Participar como membro do coro na montaxe do repertorio escollido, sabendo a parte vocal individual, memorizando o repertorio acordado e recoñecendo e seguindo os xestos básicos da dirección.		
CA3.5 - Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación.	Ler e aprender as partituras do trimestre con notación convencional e non convencional, sabendo o repertorio e entendendo a simboloxía musical.		
